

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 25 DE NOVEMBRO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día vinte e cinco de novembro de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1. APROBACION DA ACTA DA SESION ANTERIOR.-
2. ESCRITOS VARIOS.-
3. APROBACION DE FACTURAS.-
4. SOLICITUDE DE DEVOLUCION DE AVAIS .-
5. SOLICITUDE DE AXUDA ECONOMICA PARA A FESTA DA XUVENTUDE 2016.-
6. ESCRITO DE DON A.C.R..-
7. SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR DE DONA J.P.V..-
8. COMPROBACION DO SINAL DE TDT NO LUGAR DE SEIXAN - CABALEIROS.-
9. SOLICITUDE DE SUBVENCION NOMINATIVA PARA A EXECUCION DA OBRA 'OBRAS DE INVESTIMENTO NO CONCELLO DE TORDOIA'.-
10. TELEFONÍA CONCELLO DE TORDOIA.-
11. APROBACION DEFINITIVA DA 1^a FASE DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA)2016.-
12. XUSTIFICACION DA SUBVENCION DE ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL.-
13. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. APROBACION DA ACTA DA SESION ANTERIOR .-

É vista e aprobada a acta anterior nº 23/2016 que tivo lugar o 10.11.2016

2. ESCRITOS VARIOS.-

1. Recíbese escrito da Consellería de Política Social número rexistro de entrada 1671, comunicando a concesión da axuda para o investimento na mellara das infraestruturas e do equipamento das escalas infantís 0-3 e dos puntos de atención a infancia, cofinanciada polo Fondo Europeo de desenvolvemento rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014 -2020 .

O gasto subvencionable ascende a 25.564,43 euros coa seguinte desagregación:

- Obras menores de adecuación e mellara das infraestruturas dos centros de atención á primeira infancia, así como obras novas de escasa contía que mellaren a accesibilidade ou doten o edificio de servizos necesarios: por importe de 11.193,78€.

- Adquisición e mellara do equipamento do centro, incluída a compra de mobiliario interior e exterior e de material didáctico e de xogo: por un importe de 10.638,86€.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada de todo o expediente tramitado.

3. APROBACION DE FACTURAS.-

Acordos adoptados:

Son aprobadas e ordenase o pago con cargo á partida correspondente do vixente orzamento.

Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Documento	Nº Registro
920 22000	7.623	FERNANDEZ LINARES, MONICA	2016 009	F/2016/1786
330 22609	1.700	CELA REGUEIRO, MARIA	1625	F/2016/1904
920 21400	4.862,12	CAEIRO REY, S.L.	TK7116569	F/2016/1906
172 22706	6.428,57	ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	16 352	F/2016/1923
330 21200	7.299,93	SILVELUX, S.L.	130 1	F/2016/1930

4. SOLICITUDE DE DEVOLUCION DE AVAIS .-

Acordos adoptados:

1 .- Con data 27/07/2016 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello a solicitude efectuada por J.M.V.F., para a devolución da garantía definitiva da obra "Ampliación accesos en Santaia (Gorgullos)"- Convenio Deputación - Concello , mediante aval bancario nº XXXX da entidade BANCO PASTOR,S .A por un importe de 4.328,95 euros.

Acordos adoptados:

Pasar aos servizos económicos para que proceda a súa devolución dacordo co establecido na Lei.

2.- Con data 22/11/2016 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello a solicitude efectuada por L. A. G.G, para a devolución da garantía definitiva da obra "Camiño Mordón - Nogueira (Bardaos) e Outros (programa de mellara de camiños de titularidade Municipal 2014-2015)", mediante aval bancario nº XXXX da entidade BANCO POPULAR por un importe de 4.539,25 euros .

Acordos adoptados:

Pasar aos servizos económicos para que proceda a súa devolución dacordo co establecido na Lei.

3.- Con data 22/11/2016 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello a solicitude efectuada por L.A.G.G., para a devolución da garantía definitiva da obra "Reparación camiño Santaia a Arcai de Abaixo e Outros (DTC93), mediante aval bancario nº XXXX da entidade ABANCA por un importe de 2.217,34 euros.

Acordos adoptados:

Pasar aos servizos económicos para que proceda a súa devolución dacordo co establecido na Lei.

5. SOLICITUDE DE AXUDA ECONOMICA PARA A FESTA DA XUVENTUDE 2016.-

Acordos adoptados:

A Xunta Goberno Local acorda a concesión dunha axuda económica de 1.500,00 € polo escrito da Asociación cultural Virxe do Carme e do Sacramento, solicitando axuda económica para o desenvolvemento da Festa da Xuventude 20 16, que tivo lugar o 8 de xullo de 2016.

6. ESCRITO DE DON A.C.R..-

Dase conta do escrito presentado por don A.C.R.,que solicita que por parte do concello se requira aos propietarios da parcela XXX do poligono XXX para que se limpe a maleza da mesma xa que invade a parcela colindante nº XXX.

7. SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR DE DONA J.P.V..-

Acordos adoptados:

Conceder o servizo de axuda no fogar de libre concurrencia .

8. COMPROBACION DO SINAL DE TDT NO LUGAR DE SEIXAN - CABAIEIROS.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar o presuposto nº PR1600XXXX de data 03/11/2016 "reparación e reajuste del reemisor de TDT o GAP filler de Seixán por un importe de 3890,69€.

9. SOLICITUDE DE SUBVENCION NOMINATIVA PARA A EXECUCION DA OBRA 'OBRAS DE INVESTIMENTO NO CONCELLO DE TORDOIA'.-

Acordos adoptados:

1º que polo Señor Alcalde que se lle encargue a empresa encargada da asistencia técnica e urbanística deste Concello Estudio Técnico Gallego, S.A., a redacción dun proxecto para este fin.

10. TELEFONÍA CONCELLO DE TORDOIA.-

Acordos adoptados:

- Adxudicar dito servizo á empresa Orange por un valor de 627€ todo con tarifas ilimitadas, polo prazo dun ano.

- Nomear como representante legal do concello a don Antonio Pereiro Liñares (Alcalde - Presidente) e como xestor do proxecto ante a empresa ao técnico don Carlos Luis Sieira Romero.
- Notificar a empresa adxudicataria.

11. APROBACION DEFINITIVA DA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA)2016.-

Pola Presidencia dase conta do escrito recibido o 22.11.2016 da Deputación Provincial da Coruña nº rexistro de entrada 1690 comunicando a aprobación definitiva da 1ª fase do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016.

12. XUSTIFICACION DA SUBVENCION DE ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL.-

Acordos adoptados:

1º) aprobar o expediente de contratación do estudo de sustentabilidade ambiental, que inclúe a aprobación do proxecto realizado pola empresa "Estudio Técnico Gallego, S.A.

2º) Verificación que se respetaron os procedementos de contratación pública.

3º) Verificar que se cumpriu a finalidade para a que se solicitou a subvención

4º) Aprobar a seguinte conta xustificativa e ordear o pago da factura electrónica número 16352 por importe 6428,57€

· Gastos: factura Estudio Técnico Gallego S.A.: 6.428,57€
Total gastos: 6.428,57€

- Ingresos: Subvención Consellería Medio Ambiente: 4.500,00€
Aprobación Municipal:1.928,57€
Total Ingresos: 6.428,57€

5º) Verificar a legalidade e existencia dun expediente de contratación que se pon a disposición da Administración Autonómica para futuros controis.

13. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.